

2, local 2, parroquia do Carmen, desta Vila, cumprindo o disposto polo apartado b), núm. 3 do Art. 36 do Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de 27 de agosto de 1982; e asemesmo o apartado a).2, do Art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas é Perigosas, do 30 de novembro de 1961, ponse a información pública, por un período de dez días laborais, para que durante este tempo —que escomenzará a contar dende a publicación no Boletín Oficial da provincia—, poida examinarse o expediente, no Servicio Municipal de Urbanismo, polas persoas que de algún xeito se sintan afectadas pola actividade que se quere chantar e poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que vexan necesarias.

Moaña, 16 de novembro do 2006.—O Alcalde,
Xosé Manuel Millán Otero. **2006011135**

* * *

MONDARIZ

EDICTO

Aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación presupostaria 46/06 por suplemento decrédito 3/06, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2006, e non téndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición o público, en cumprimento do que dispón, o artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 2/2004 de 5 de marzo, faise público que, trala modificación operada, o orzamento de gastos, resumido por capítulos, resulta como sigue:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.—GASTOS DE PERSONAL	799.675,71
Cap. 2.—GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	885.200,00
Cap. 3.—GASTOS FINANCIEROS	5.459,63
Cap. 4.—TRANSFERENCIAS CORRIENTES	177.799,00
Cap. 6.—INVERSIONES REALES.....	860.674,04
Cap. 9.—PASIVOS FINANCIEROS	34.037,25
TOTAL GASTOS	2.772.386,00 €

Mondariz, 28 de novembro 2006.—Firma ilexible. **2006011343**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

A Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 14 de agosto de 2006 acordou aprobar provisionalmente a:

- Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos ou artísticos, parques zoolóxicos ou outros Centros ou lugares análogos.

Tendo en conta que non se presentaron reclamacións ou alegacións contra o acordo de aprobación provisional, queda automaticamente elevado a definitivo.

Nova redacción do apartado “A”, punto 4), do epígrafe *Primero. Tarifa* do anexo á Ordenanza fiscal sinalada anteriormente.

- 4) Centro de Recuperación de Cultura Popular.
 - a) Visita: 1 euro.

Ponteareas, 21 de novembro de 2006.—O Alcalde, Salvador González Solla.

A N U N C I O

A Corporación Municipal, en sesión celebrada o 14 de agosto de 2006, acordou aprobar inicialmente o Regulamento Interno do Centro de Recuperación de Cultura Popular do Concello de Ponteareas.

Tendo en conta que non se presentaron reclamacións ou alegacións contra o acordo de aprobación inicial, queda automaticamente elevado a definitivo co seguinte texto:

“REGULAMENTO INTERNO DO CENTRO DE RECUPERACIÓN DE CULTURA POPULAR DO CONCELLO DE PONTEAREAS

INTRODUCCIÓN

O Centro de Recuperación de Cultura Popular necesita dispor dun regulamento interno que estableza as pautas que regulen as normas necesarias para un bo funcionamento.

O obxectivo xeral do CRCP será a difusión do legado cultural relacionado directa e/ou indirectamente co cultura tradicional de Ponteareas e as comarcas do Condado e A Paradanta. Serán funcións do devandito CRCP recoller, recibir en depósito, conservar, catalogar, restaurar, exhibir obxectos e realizar cantas actividades sexan precisas para levar adiante o obxectivo xeral sinalado.

Por todo elo, e coa finalidade indicada, e en virtude do permitido e establecido polo artigo 4 da Lei reguladora das bases do réxime local, en relación

cos artigos 55 e 56 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, de 18 de abril de 1986, redáctase e apróbase o presente Regulamento.

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, NATUREZA, OBXECTO E FINS

ARTIGO 1º—DENOMINACIÓN

A denominación deste servizo público será a de Centro de Recuperación de Cultura Popular do Concello de Ponteareas.

ARTIGO 2º—NATUREZA E OBXECTO

A natureza deste Centro será a de institucións dedicadas a adquirir, recoller, recibir en depósito, conservar, catalogar, restaurar, exhibir e realizar cantas actividades sexan precisas para difundir a nosa cultura tradicional e favorecelo seu coñecemento e a investigación no ámbito dos seus contidos.

ARTIGO 3º—FINS

Os fins do Centro de Recuperación de Cultura Popular serán:

- A conservación, catalogación, restauración e exhibición de coleccións relacionadas coa cultura popular e tradicional de Ponteareas e Galicia.
- Fomentala investigación no ámbito das súas coleccións.
- Organizar periódicamente exposicións especializadas e divulgativas de carácter temporal no ámbito das súa especialidade e con especial atención á artesanía existente na nosa comarca.
- Desenvolver actividades didácticas e divulgativas respecto dos seus contidos.

CAPÍTULO II

SITUACIÓN E FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4º—SITUACIÓN

O Centro de Recuperación de Cultura Popular atópase ubicado nas dependencias do Castelo de Sobroso, propiedade do Concello de Ponteareas, poidéndose variar esta ubicación por decisión do Concello.

ARTIGO 5º—FUNCIONAMENTO

O funcionamento dos museos estará, en todo caso, a cargo do Concello, sen prexuízo de que, se acorde a súa xestión privada.

ARTIGO 6º

A dirección dos museos dependerá da Consellería Delegada. No aspecto técnico estará ó fronte o director do Museo Municipal de Ponteareas. Así mesmo estará encargado/a de efectuar as indicacións necesarias, tanto para o bo funcionamento do Centro como para a adquisición de fondos musealizables e/ou de elementos técnicos que se coiden axeitados e/ou necesarios para a dotación de fondos e/ou para o funcionamento do Centro.

ARTIGO 7º

A xestión do servizo poderá ser directa ou indirecta. No caso de xestión directa o Concello dotará o servizo de persoal necesario e suficiente tanto para o coidado do propio Centro e atención ó público, como do indispensable para a hixiene e o mantemento, en condicións normais, tanto do edificio como do que nel se deposite.

ARTIGO 8º

Do horario. O Centro funcionará ó público no horario de 10 a 14 e de 16 a 19, de martes a domingo, e permanecerá pechado os luns, sen prexuízo de que o persoal administrativo e de dirección, que non ten relación co público se adapte ó horario administrativo do Concello. O horario de atención ó público poderá cambiarse cando as circunstancias así o esixan, a proposta da dirección ou do concelleiro responsable.

CAPÍTULO III

DAS ACTIVIDADES DO MUSEO

ARTIGO 9º

Tal como se reflicte na Introdución e no Artigo 3º, as actividades principais dos museos orientaranse, básicamente, á investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción dos fins ós que se dedica.

Así mesmo levaranse a cabo actuacións orientadas a colaborar con outros museos, tanto da comunidade autónoma galega, como do resto do Estado Español ou doutros Estados.

ARTIGO 10º

Considerarase función primordial a conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións. A tal efecto, levaranse a cabo investigacións no ámbito das súas finalidades e contados e dentro do ámbito do seu respectivo contorno cultural.

ARTIGO 11º

O Centro celebrará periódicamente exposicións, charlas, cursos, xornadas, conferencias, seminarios, e todas cantas actividades sexan necesarias e axeitadas para desenvolver os seus obxectivos.

ARTIGO 12º

O Centro atenderá tamén á promoción e difusión da artesanía de Pontearreas e a súa bisbarra.

ARTIGO 13º

Das actividades didácticas e divulgativas. O Centro desenvolverá actividades didácticas e divulgativas respecto dos seus contidos.

CAPÍTULO IV**DO CONTROL DOS INSTRUMENTOS E MEDIOS DOS MUSEOS****ARTIGO 14º**

O Centro levará un rexistro ou inventario para o tratamento técnico-científico e a identificación, control, estudio e difusión do patrimonio moble nel albergado, e elo en virtude do establecido polo artigo 72 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

ARTIGO 15º

O Centro de recuperación de Cultura Popular, tal e como se indica no artigo 7º do presente Regulamento, contarán cos medios humanos e técnicos suficientes para poder desenvolver as súas funcións e finalidades.

ARTIGO 16º

Anualmente, a dirección do museo municipal dirixirá á Xunta de Goberno Local un informe ou memoria anual, tanto das actividades desenvolvidas, como da situación do patrimonio nel albergado (existencias, incrementos de fondos, necesidades e conveniencia de novas adquisicións, etc).

CAPÍTULO V**FONTES DE FINANCIAMENTO****ARTIGO 17º**

Ao depender este Centro directamente do Concello de Pontearreas será o presuposto municipal a fonte fundamental para o financiamento de tódalas necesidades do mesmo, rexéndose polo disposto, a estes efectos financeiros, pola Lei das Facendas Locais e demais normativa aplicable ós gastos correntes ou de capital, dos que rexen o Presuposto, segundo proceda.

ARTIGO 18º

A visita a este Centro estará suxeita á correspondente taxa municipal

ARTIGO 19º

Non obstante, poderanse obter e admitir donativos e calquera outro tipo de axudas, tanto materiais como económicas, que poidan conceder organismos, institucións, ou calquera outra persoa física ou xurídica.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia, e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.”

Pontearreas, 21 de novembro de 2006.—O Alcalde, Salvador González Solla.

A N U N C I O

A Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 14 de agosto de 2006 acordou aprobar provisionalmente a:

- Imposición da Taxa e Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Centro de Día para Persoas Maiores.

Tendo en conta que non se presentaron reclamacións ou alegacións contra o acordo de aprobación provisional, queda automaticamente elevado a definitivo, co seguinte texto

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ESTANCIA NO CENTRO DE ESTANCIAS DIURNAS

FUNDAMENTO

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto polo artigo 57 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece de acordo co artigo 20.4 ñ) as Taxas por Asistencias e Estancias en Centros de Atención Diurna de Maiores, conforme ó disposto polos artigos 20 a 27 do R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 1.—OBXECTO

A presente norma ten como obxecto a regulación das prestacións económicas individuais do Concello de Pontearreas relativas a estancias en Centros de Atención diurna para maiores.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitue o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos ofertados no Centro de Atención diurna, tamén chamado Centro de Estancias Diurnas ou Centro de Día, concedidos a través dos Servizos Sociais municipais de conformidade coas normas que regulen esta materia aprobadas polo Pleno Municipal en vigor en cada momento e será competencia dos Servizos Sociais do Concello.